
PROXECTO


” PARCELARIA VIRTUAL POLA CULTURA GALEGA ”

(versión 2.1)

Descrición

A **Parcelaria Virtual pola Cultura Galega** é un orixinal proxecto posto en marcha en Internet pola **Asociación Cultural Fillos de Galicia** co fin de obter **financiamento para as súas actividades**, nomeadamente o seu portal **Fillos.org**, a maior *Comunidade Virtual* galega, dirixida principalmente aos emigrantes e mais os seus descendentes. O horizonte de financiamento que se prantexa é de **10 anos**.

O proxecto consiste na **venta de pequenas parcelas gráficas nun mapa cuadriculado de Galicia**, ubicado nun espazo exclusivo: o enderezo **ParcelariaPolaCulturaGalega.com** (ou alternativamente, máis curto: **Parcelaria.com**). O comprador destas parcelas poderá ubicar nelas un gráfico do tamaño correspondente¹ así como un texto descritivo que aparecerá ao situar o visitante da páxina o cursor enriba, e mesmo unha ligazón o seu propio web se dispón del e así o desexa. Os compradores que non dispoñan de web propio, poderán ter gratuitamente unha páxina descritiva cos textos e imaxes que desexen, dentro do mesmo web **ParcelariaPolaCulturaGalega.com**.



O comprador **podará solicitar os cadradiños exactos que queira** ou ben indicar un número para ser ubicados a discreción dos promotores nos lugares que houber libres no momento da adquisición.

Na imaxe do lateral pódese ver unha aproximación ao devandito mapa. Este atópase ubicado nunha páxina onde ademais inclúense os seguintes contidos:

- Información diversa sobre o proxecto.
- Logotipo de proxecto.
- Ligazóns ás últimas noticias sobre os proxectos de Fillos financiados cos fondos obtidos na Parcelaria.
- Estatísticas sobre o número de beneficiarios das actividades patrocinadas.

Estes compradores denominaranse **patrocinadores** ou **participantes na Parcelaria**.

¹ Dado que o tamaño dos cadradiños será pequeno, para permitir a visualización do mapa completo de Galicia en pantallas de 800x600 pixels, Fillos de Galicia ofrece as súas labores de deseño para adaptar logotipos, nomes, fotografías ou calquera outro elemento visual para acadar a maior visibilidade e lexibilidade da imaxe do patrocinador calquera que sexa o espazo total adquirido (10x10, 10x20, 10x30... 20x10, 20x20, 20x30...).



Antecedentes e orixe da idea

A idea está inspirada no exitoso proxecto de *fund-raising* chamado **MillionDollarHomePage.com**, que recadou 1 millón de dólares para financiar os estudos de Alex Tew, un rapaz inglés de 21 anos promotor da idea.

Foi **adaptada por Fillos de Galicia para reflectir un entorno xeográfico e cultural** como é Galicia. Así no noso proxecto non dá igual onde están os pixels que un adquire, porque representa un país, e cada zona fai referencia a un lugar na mente dos internautas, e ese é **o valor único e especial de cada parcela...**

O nome da **Parcelaria** tamén fai referencia a un concepto moi coñecido por calquera galego que teña relación co noso mundo rural: a **concentración parcelaria**, intento de optimizar o minifundismo que caracterizou historicamente o agro galego.

Destinatarios do proxecto

Fillos de Galicia dirixe a oferta de participación na **Parcelaria** a todo tipo de potenciais compradores interesados en **soster as súas actividades a prol da cultura galega na emigración:**

- **Empresas galegas:** grandes empresas, PYMES, empresarios individuais, etc.
- **Empresarios galegos na emigración.**
- **Institucións públicas:** Xunta, Deputación, Concellos, etc.
- Outras **entidades sen ánimo de lucro:** fundacións, asociacións, plataformas, ONGs, etc.
- **Particulares.**
- **Axencias de publicidade:** poden ofrecerlles aos seus clientes unha forma novidosa de se promocionaren na Rede, adquirindo elas mesmas as parcelas e alugándolles o seu uso, ou ben facendo de intermediarias para llelas vender aos seus clientes.

Beneficios da participación

Ao noso entender estas son as razóns polas que un **patrocinador** se vai ver beneficiado pola súa participación no proxecto:

- **Distinguir a súa marca ou nome** como patrocinador da Cultura Galega en Internet (*branding* cultural, responsabilidade social corporativa...)
- **Continuidade** da promoción: Inicialmente as parcelas vendíanse por **10 anos** fronte a campañas puntuais de banners, e outras formas clásicas de promoción na Rede, moito máis a curto prazo. En Xuño de 2007 incorporamos **outra modalidade** de contratación ate Febreiro de 2008, e a partir de aí **por periodos anuais** (de Febreiro a Febreiro). Desde ese momento xa non está dispoñible a compra por 10 anos, que se substitúe pola renovación anual dos espazos.



-
- Asociación cun proxecto innovador do que se espera unha **proxección mediática** importante.
 - Asociar o seu patrocinio **cunha zona concreta de Galicia** (ou varias): zona onde se ubica a empresa ou institución, zona de procedencia dun patrocinador particular, etc.
 - Formar parte dunha *metáfora visual de Galicia* que vai permanecer como un fito dentro da historia da Internet en Galicia.
 - Recibir un previsible **aumento nas visitas** no web ao que se ligan as parcelas adquiridas, en función do eco mediático obtido polo proxecto, e cun mínimo asegurado pola presenza de ligazóns á *Parcelaria* no portal www.Fillos.org.
 - Un **10%** do importe das parcelas adquiridas, se se realiza a compra por medio da *Tenda online* de Fillos (www.fillos.org/tenda), en forma de **galeuros**².
 - Dispor dun número indefinido de **impresións publicitarias dun banner** especial que informa aos visitantes de Fillos.org, PlanetaGalego.info e Galeguidade.net dos apoio prestado á *Parcelaria* e os invita a visitar directamente o web do participante. Estas impresións superan as 600 diarias (datos de Marzo de 2006) contando só as ubicadas en Fillos.org. NOTA: Esta opción xa non está dispoñible a partir da *Parcelaria 2.0*.

No web da *Parcelaria* pódense atopar ligadas páxinas con **testemuñas (entrevistas) dos participantes** e os beneficios que a eles lles está a achegar.

² O *galeuro* é a moeda virtual de Fillos de Galicia. Equivale a 1 euro e pódese empregar para contratar os servizos e produtos que fornece a asociación: desde bandeiras de Galicia e outro *merchandising*, ate servizos de Internet como aloxamento, compra de dominios, etc.

A parte artística do proxecto

A **Parcelaria** chegará a representar cando estea completa, unha imaxe en forma de *collage* ou **mosaico do que é a Internet galega**, tanto a ten unha sede xeográfica en Galicia como a que está ubicada fóra pero emocionalmente tamén forma parte da Terra.

Do mesmo modo que a **MillionDollarHomePage.com** tivo a súa faciana artística, representando unha especie de fotografía do que é a Internet no seu conxunto, resumida graficamente nun millón de pixels, nós pretendemos que tamén dalgunha forma **a imaxe de Galicia composta por estas 1.048 parcelas virtuais retrate o que é Galicia en Internet no momento actual**. Nese sentido consideramos que o noso proxecto, como **metáfora visual da Internet Galega**, pode ter unha consideración artística dentro do denominado *web-art*. De feito isto xa foi recoñecido por especialistas do mundo da arte³.

No momento en que se encha a derradeira parcela con contido, tomarase unha captura do conxunto, para ser **editado en formato impreso nun cartel ou póster** que será enviado como regalo aos participantes. Aínda que despois poidan ser actualizadas as imaxes das parcelas, este cartel permanecerá como un recordo da primeira composición dese mosaico da Galicia Virtual.

Tamén temos a intención de propoñer a algún **museo galego** que expoña ese cartel nun formato de maior tamaño. Informaremos das negociacións que realicemos nese sentido nas noticias de **Parcelaria.com**.

Obxectivo económico

A **Parcelaria** pretende recadar un total de **400.0000 euros**. Dado que o mapa de Galicia estará dividido nun total de **1.048 cadrados de 10x10 pixels**, estes teñen un valor de **381,68 euros** para o período completo (10 anos). Poden ser adquiridos en calquera cantidade e de forma contigua ou non, a elección do patrocinador, en función do espazo dispoñible.

Dado que estas adquisicións serán **facturadas como servizo publicitario**, terán un incremento do 16% correspondente ao IVE⁴.

A partir de **Xuño de 2007** (momento no cal engadimos á denominación do proxecto o número de *versión*, **Parcelaria 2.0**), a **única modalidade de contratación é unha nova: por períodos anuais** a unha décima parte do custo total, é dicir: **38,17 euros**. Como os períodos anuais **comezan a contarse a 1 de Febreiro** na **Parcelaria**, a contratación feita **no 2007** tiña un prezo menor, proporcional ao período Xuño-Febreiro: **25,44 euros** + IVE. **A partir de Febreiro de 2008** poden ser renovadas as parcelas adquiridas na modalidade anual, ou contratar novas a prezo anual de **38,17 euros**.

³ "Un gallego en la Red (2.0)". Nilo Casares, suplemento ABCD Las Artes. ABC (11/03/2006).

⁴ Se o comprador non está afectado polo IVE por no ser residente en zona de aplicación deste imposto, no será engadido o importe do mesmo.


Así as diferentes **modalidades de contratación** quedarían en:

- Periodo completo (ate Febreiro de 2016): **381,68 euros**. (Xa non dispoñible)
- Ate Febreiro de 2008: **25,44 euros** (Xa non dispoñible)
- De Febreiro de 2008 a Febreiro de 2009: **38,17 euros**.
- De Febreiro de 2009 a Febreiro de 2010: **38,17 euros**.
- Etc.

Destino dos fondos obtidos

Por que 400.000 euros? Fillos de Galicia chegou a esa cifra habida conta dos seguintes factores:

- Os seus **gastos durante o ano 2005** foron aproximadamente de 40.000 euros⁵. Os conceptos foron, en orde de importancia do gasto:
 - **Recursos Humanos** (2 persoas asalariadas⁶, por un total de 43 h/semana, e colaboradores *free-lance*).
 - Mantemento do servidor web dedicado.
 - Alugueiro, gastos de conexión, teléfono, luz, etc.
- A Asociación vense facendo cargo deses gastos por medio dos seus propios **ingresos**, que principalmente proveñen de:
 - Comercialización dos seus **servizos de Internet** para outras entidades.
 - Patrocinios privados.
 - Subvencións públicas.
 - Cotas dos socios.
 - Venda de *merchandising* e outros produtos na súa tenda on-line.



Procedencia dos ingresos de Fillos no 2005:

39,8%	Servizos de RedeGalega
20,3%	Patrocinios privados
18%	Vendas de produtos e servizos a particulares
7,9%	Subvencións (Xunta de Galicia)
7,8%	Cotas dos socios.

- As **necesidades** que pretenden cubrir cos fondos obtidos consisten en **duplicar a súa capacidade (principalmente en recursos humanos) e así poder dar un salto adiante decisivo na xestión e mellora de todos os seus proxectos**:
 - **Fillos.org** (Comunidade ou Centro Galego Virtual)
 - **Atopadoiro.org** (Base de datos para o reencontro familiar)
 - **PlanetaGalego.info** (Portal informativo)
 - **Galeguidade.net** (Portal dirixido aos Centros Galegos)

⁵ No 2006 os gastos acrecentáronse ate os 47.913,75 euros. En 2007 foron de 45.173,69 euros.

⁶ En Abril de 2006 tivemos que rematar o contrato cunha delas por cuestións organizativas e por falla de financiamento. Esperamos poder volver a ampliar a xente en nómina o antes posible.

Exemplos do que a venda de cada parcela (381,68 euros) lle permitía facer a Fillos de Galicia, na modalidade de contratación completa por 10 anos:

- Envío de **42 libros en galego** a calquera lugar do mundo (temos máis de 1.400 libros doados por diversas entidades na nosa campaña “*Un libro galego para os fillos que están lonxe*”).
- **25 h de traballo** na xestión de **Fillos.org**.
- 1,8 meses de **alugueiro do noso local**.
- 2 meses de custo do noso **servidor web**.
- 8,5 meses de **conexión a Internet**.
- 1 ano de gasto de **teléfono**.
- Edición de **100 exemplares da antoloxía de artigos “A Nosa Voz”**.

Agora que na **Parcelaria 2.0** só se pode comprar por períodos anuais (38,17 euros) as posibilidades por cada parcela/ano son a décima parte, aínda que por exemplo o custo laboral diminuíu no 2007 e o do servidor web medrou e por iso o cálculo non é sempre esa décima parte:

- Envío de **4 libros en galego** a calquera lugar do mundo.
- **3 h de traballo** na xestión de **Fillos.org**.
- 0,18 meses de **alugueiro do noso local**.
- 2,74 días de custo do noso **servidor web**.
- 0,85 meses de **conexión a Internet**.
- 0,1 ano de gasto de **teléfono**.
- Edición de **10 exemplares da antoloxía “A Nosa Voz”**.

En resumidas contas: con 400.000 euros (ou 40.000 euros ao ano) a nosa asociación podería asumir con garantías de sustentabilidade a contratación de máis recursos humanos para así poder mellorar todos os servizos que actualmente ofrece e ademais poñer en marcha outros novos que ate o de agora ficaron aparcados por falta de recursos.

Calendario do proxecto

A **Parcelaria** está *online* desde primeiros de **Febreiro de 2006**, aínda que a súa comunicación masiva nos medios retrasouse aproximadamente 15 días ate que se conseguiron os **primeiros patrocinadores**. Estes foron **seleccionados** entre as entidades que viñan tendo unha especial relación con Fillos ate aquel momento (anteriores patrocinadores, institucións colaboradoras, clientes dos servizos de Internet, etc.).

Este privilexio foi unha forma de lles **agradecer a estas entidades o seu apoio** nos tempos difíciles, e tamén desta forma, cando se deu a coñecer na prensa púidose facer cunha pequena parte xa das parcelas adxudicadas e parte dos fondos xa obtidos.

En **Xuño de 2007** comeza o proxecto unha nova etapa denominada **Parcelaria 2.0**, demostrando que o proxecto vai estar vivo e en constante mellora aínda que non acadase polo de agora o obxectivo total previsto. A principal novidade é que agora as parcelas **xa non se ofrecen ate 2106 senón por anualidades**. Nesta nova versión ofrécese a posibilidade de *sindicar* mediante RSS as novidades relativas aos últimos participantes e tamén se melloran as capacidades de atopar as parcelas de interese.



Difusión mediática

Fillos de Galicia puxo en marcha unha **campaña mediática** co envío de **notas de prensa aos principais medios galegos** acerca do proxecto, unha vez que se chegou a un acordo cos primeiros patrocinadores. Fíxose especial incidencia nos medios *online* os cales, polas propias características virtuais do proxecto, serían os que maior eco se poderían facer del.

Tamén ubicou de forma moi visible **enlaces gráficos** promocionando a **Parcelaria** nos seus portais para dar a coñecer o proxecto aos milleiros de persoas que os visitan cada mes (**máis de 160.000 visitas** no mes de Maio de 2007 unicamente en **Fillos.org**).

Preguntas e respostas

▣ ***Se merco varias posicións, poden estar separadas no mapa ou teñen que ir todas xuntas?***

Podes mercar todas xuntas, todas separadas, unhas xuntas e outras separadas... como queiras: hai flexibilidade total para colocar os espazos que contrates.

▣ ***Debo especificar obrigatoriamente os cadradiños exactos que quero?***

Non. Se non tes unha preferencia por ubicalos teus anuncios nunha zona concreta, podemos nós escoller por ti entre os que estean aínda dispoñibles.

▣ ***Podo comprar un espazo máis pequeno por menos diñeiro?***

Non. A unidade mínima son 10x10. O que podes facer é xuntar xente (amigos, colegas, familiares...) para comprar entre varios ese espazo.

▣ ***Os cadrados sempre seguirán no mesmo sitio?***

Seguirán no caso de que escolleras unhas ubicacións precisas. Se non tiñas preferencia e os colocamos nunha determinada parcela que despois desexa outro patrocinador en concreto, é posible que teñamos que mover as túas a outro sitio libre. Así podemos satisfacer os desexos de máis patrocinadores.

▣ ***Que podo poñer nos espazos que compre?***

Suxerimos poñer un nome, un logotipo, unha foto, un icono, unhas siglas, as cores corporativas, un escudo... todo depende do tipo de institución, empresa ou particular que sexas, e do tamaño total que adquires.

▣ ***Como fago para poñer o meu logotipo tan pequeno?***

Si, pode ser difícil ☺ Pero non te preocupes, que a nosa equipa de deseño gráfico hase encargar de preparar da mellor forma posible as imaxes ou textos que queiras incluír nas parcelas que contrates. Sempre falaremos contigo para poñernos de acordo na mellor imaxe.



▣ **Quen me asegura que vai estar aí a miña presenza durante 10 anos?**

Os dominios principais polos que a Parcelaria Virtual pola Cultura Galega vai ser coñecido na Rede (Parcelaria.com e ParcelariaPolaCulturaGalega.com) han ser rexistrados ate o ano 2016⁷. O *hosting* e mantemento do web están a cargo da nosa asociación, e esta asume o compromiso de encargarse dos mesmos durante ese periodo. No remoto caso de que a nosa asociación desapareza como persoa xurídica antes de 2016, de forma previa á súa liquidación estará obrigada a subcontratar ese mantemento a unha empresa ou a outra asociación que complete o periodo e asuma o compromiso cos patrocinadores polas achegas que estes teñen desembolsado.

De todos modos non esquezas unha cousa: Fillos de Galicia leva existindo desde 1997⁸, e desde entón, cun apoio institucional practicamente simbólico, uns patrocinios privados modestos e simplemente coa forza e compromiso das persoas que o forman, conseguiu importantes logros (podes ler algúns ao final deste documento). Así que imaxina o salto cara adiante que seremos quen de dar cos fondos obtidos grazas aos participantes neste proxecto da Parcelaria!!

(NOTA: Agora coa *Parcelaria 2.0* xa non se vende por 10 anos, e o compromiso é anual. De todos xeitos hai 36 parcelas que durante o 2006 foron vendidas polo periodo completo, así que o compromiso con eles segue vixente para os 10 anos.)

▣ **Se vendedes todas as parcelas Fillos vaise facer cunha morea de cartos. Ides fuxir con eles?**

Comprendemos que sempre haxa xente desconfiada, pero aparte de que hai moitas outras entidades sen ánimo de lucro que manexan moitos máis cartos cada ano, a este tipo de suspicacias non podemos máis que responder coa nosa traxectoria e coa nosa legalidade. Somos unha asociación rexistrada legalmente nos rexistros de asociacións, tanto na Xunta de Galicia como no Ministerio do Interior español, que pagamos relixiosamente os nosos impostos, estamos dados de alta na Seguridade Social, na Axencia de Protección de Datos, temos un domicilio social coñecido en Barakaldo, ademais de delegados oficiais en Galicia y Bos Aires. A asociación formámola uns 55 socios, e ti podes ser un/ha deles para así fiscalizar todo o que facemos nas nosas Asembleas Xerais. Estamos abertos a calquera novo socio ou socia, e estaríamos encantados de render contas a calquera que se una a nós. Tamén podes ver as entidades que teñen colaborado connosco, por se che serven de referencia: <http://colaboradores.fillos.org/> ou as nosas aparicións nos medios: <http://www.fillos.org/fillos/naprensa> . Non somos ningúns descoñecidos que non se sabe de ónde saíron: somos unha entidade que leva anos traballando en precario, con moito sacrificio dos nosos socios e voluntarios, e temos unha xunta directiva composta por⁹ Alejandro López, Manuel Casal, Inés Abeijón, Xosé Luís Santiso, Mirtha Pérez y Adolfo Rial, que somos responsables ante os socios por todas as nosas actividades e tamén ante a Lei.

⁷ Por limitacións do servizo de rexistro de dominios de momento unicamente se puideron rexistrar por 5 anos. En canto chegue a data de renovación Fillos de Galicia comprométese a renovar por outros 5 ate completar un periodo mínimo de 10 anos.

⁸ De 1997 a 2000 como un proxecto persoal do seu creador e desde 2000 como unha asociación cultural legalmente constituída.

⁹ Xunta Directiva elexida na VIII Asemblea Xeral de Socios (2008).

Ademais hai que ter en conta outra cousa: como é lóxico os cartos irán sendo ingresados progresivamente a medida que se vendan as parcelas, non todos xuntos. E temos necesidades como para ir investindo unha parte deles con carácter inmediato, por exemplo no pagamento do novo servidor web contratado en 2007 para facer fronte ao medre continuo de visitas que reciben as nosas páxinas, ou na contratación de 2 persoas máis para traballar na xestión e desenrolo dos nosos proxectos. Así que segundo vaian vindo, serán investidos axeitadamente e non quedarán nos petos de ninguén.

▣ ***Hai algunha factura pola contratación das parceliñas?***

Haina. A nosa asociación emitirá unha factura por cada parcela ou conxunto de parcelas contratadas, por un concepto de patrocinio publicitario en Internet, co seu correspondente IVE.

▣ ***Como vos envía os cartos?***

Dispós de diversas maneiras. Pódelo facer por medio da nosa tenda online (<http://tenda.fillos.org>) onde atoparás *produtos* que corresponden ás parcelas, nas súas diferentes modalidades de contratación activas en cada momento. Aí xa indicas a forma de pagamento preferida: tarxeta de crédito mediante páxina segura de Caixa Galicia, transferencia ou ingreso nas nosas contas, cheque, etc. Non esquezas indicar nas observacións do pedido as coordenadas das parcelas que desexas así como os textos, links, etc. A imaxe pódennola enviar por e-mail ou darnos indicacións para cha creamos nós. E só por faceres o pedido pola tenda terás de regalo un 10% en *galeuros*.

▣ ***Pódense aprazar os pagos?***

Claro. Aos participantes dámoslles todas as facilidades nese sentido. Se compras o periodo completo (ate 2016) podes pagar as túas parcelas a prazos, cun máximo en 4 pagamentos mensuais¹⁰. Se mercas só por un ano, non podemos permitir prazos xa que a cantidade total que pagares é moi pequena.

Calquera incumprimento ou retraso de máis dun mes no pagamento dos prazos conlevará a perda das cantidades ingresadas ate entón así como do dereito á-s parcela-s afectada-s, que quedará-n de novo libre-s.

▣ ***Por que costan tanto os anuncios se son tan pequenos?***

Como explicamos antes, o prezo obtívose dividindo os nosos gastos do ano 2005 (extrapolados a 10 anos) entre o número de cadradiños que resultaron de dividir un mapa de Galiza que se poida ver enteiro a unha resolución de pantalla de 800x600, pero sen facelos demasiado pequenos. Consideramos nas nosas probas que un tamaño de 10x10 pixels era o mínimo que podíamos utilizar. Así pois 400.000 euros entre 1.048 parcelas deu o prezo final de 381,68 euros.

¹⁰ Os socios da Asociación Cultural Fillos de Galicia, como deferencia cara ao seu compromiso, disporán dun prazo algo maior, que deben consultar coa xestión da Parcelaria, así como doutras facilidades que determine en cada momento a Xunta Directiva.

Este non é un prezo nada caro se tes en conta que se paga por un periodo total de 10 anos: así sae a 38,17 euros ao ano, que é unha cifra totalmente asequible para a maioría de entidades e mesmo particulares.

De feito, a partir da *Parcelaria 2.0* (Xuño 2007) podes mercar por periodos dun ano, ou o que reste ate o seguinte *cumpreanos* da Parcelaria. Por exemplo, mercala no 2008, e tela activa ate Febreiro de 2009 costa soamente 38,17 euros.

▣ ***E se dentro dun tempo quero cambiar a imaxe da miña parcela, o texto ou o link a onde apunta?***

Pois non hai problema. Poste en contacto connosco e facemos as modificacións que queiras. Pero deberemos limitar as modificacións a 1 soa por ano (poderás modificar cada ano unha vez a imaxe, o texto e mais o link das túas parcelas). Para limitar a posible especulación e revenda das parcelas e que non se lucren os participantes sen que revirta algo do beneficio á nosa asociación, a modificación de link terá un custo de 100 euros por vez (se mercaches 4 parcelas e queres trocar o link das 4 da URL1 á URL2 o custo será só 100 euros, pero se queres que cada unha apunte a unha URL diferente, serán 400 euros).

(NOTA: Loxicamente a partir da Parcelaria 2.0 como se contrata como máximo por 1 ano, xa non se permiten modificacións gratuitas.)

▣ ***Podedes poñer unha imaxe animada?***

Non é posible porque ao haber tantos cadradiños, con cadansúas imaxes, recargárase demasiado a páxina.

▣ ***Hai algunha limitación en canto ao contido das imaxes?***

Fillos de Galicia non permitirá por razóns evidentes ningunha imaxe (ou textos) que considere pornográfica, insultante, ofensiva ou denigratoria. Tampouco aquelas que poida considerar que atentan contra os valores e obxetivos da A.C. Fillos de Galicia, ou que os poidan perxudicar.

▣ ***Se non teño un web ao que apuntar a miña parcela, interésame contratala ou non me serviría de nada?***

Se non dispós de ningún enderezo en Internet ao que poidamos derivar os visitantes da *Parcelaria* que fagan click na túa parcela, ofrecémosche gratuitamente outras posibilidades:

- Ligar cun enderezo de e-mail.
- Levar ao visitante a unha páxina dentro do propio dominio da *Parcelaria* (p.ej. <http://www.parcelaria.com/atuaempresa>) onde poderás incluír unha fotografía, un logotipo e o texto de presentación que queiras. Eche unha opción moi interesante que che permite ter unha páxina web por 38,17 euros/ano!

▣ ***Que sucede se non se venden todas as parcelas?***

Contamos con que esa circunstancia non se produza, pero se finalmente é así, simplemente non poderemos realizar todos os proxectos que temos en Fillos de Galicia, pero non terá ningunha repercusión negativa para os patrocinadores que si

teñan apostado por nós e que han dispoñer da súa presenza na *Parcelaria* durante os 10 anos comprometidos (ou o periodo anual que contrataran).

▣ ***Se non se venden todas este ano (2006), ides rebaxar o prezo?***

Contabamos con que en poucos meses teríamos case todo vendido. De todos xeitos comprometéramonos a non facer rebaxa porque iso podía facer especular a algúns con esperar ate que estivesen máis baratas as parcelas ademais de ser unha falta de consideración coos que compraran antes pagando o prezo orixinal, que precisamente son os que merecen o noso maior recoñecemento por ser os que primeiro se decidiron a apoiarnos. Deste xeito, o patrocinador interesado contrataría canto antes a parcela porque non tería ningunha vantaxe esperar: todo o contrario... canto máis tardase en decidirse máis posibilidades habería de se quedar sen as parcelas que lle interesaren!

Así e todo, e sen que sexa contraditorio co devandito, na *Parcelaria 2.0* abrimos unha nova posibilidade: a de mercar os espazos por periodos menores (ate Febreiro de 2008, e a partir de aí por periodos anuais de Febreiro a Febreiro), a un prezo proporcional. Unha vez completados eses periodos a parcela queda libre, ou pode o seu propietario renovar por os anos que queira, ao mesmo prezo.

▣ ***E xa hai algunha parcela vendida?***

Hainas! Vai ver en www.parcelaria.com e esperemos que non che levaran xa as que che puidesen interesar! ☺

▣ ***Que quere dicir a '?' que hai nalgunhas parcelas?***

Esas parcelas están xa contratadas pero aínda non nos enviaron o texto e imaxe que colocar nelas. Por iso están diferenciadas das dispoñibles.

▣ ***Se reservo unha parcela, e lle poñedes o '?'... canto tempo teño para vos enviar os textos, imaxe e link para poñer nela?***

Como non queremos que fiquen interrogantes durante moito tempo, pois racharía coa faceta de metáfora de Galicia que lle queremos dar ao proxecto, en canto se venda a derradeira parcela, todas as que teñan o '?' terán a partir desa data 1 mes para nos enviar os datos definitivos que poñer. No caso de non se recibir, poñeremos nós os contidos que consideremos axeitados nelas. Fillos de Galicia avisará pertinentemente desa data límite a todos os posuidores de parcelas que aínda teñan o '?'.

▣ ***E se quero e xa non quedan dispoñibles?***

Ben, pois daquela talvez poderías pedirle que che cedese o espazo algún dos participantes, ou ben colaborar connosco dalgunha outra forma: na nosa rede de sitios web temos moi diversos tipos de formatos de presenza publicitaria (banners, minbanners, *permission e-mail marketing*, etc.) que che poden interesar igualmente e que non están tan escasos.

▣ ***Pódese reservar unha parcela antes da súa adquisición definitiva?***

Entendemos que algunhas entidades poidan precisar un acordo dos seus órganos de goberno antes de adquirir un espazo na *Parcelaria*, pero a importancia mediática dunha rápida publicación no web dos espazos adquiridos non fai aconsellable que

ofrezamos esa posibilidade. Canto antes se decida a compra, antes estará colocado o voso logotipo, pero non podemos bloquear a venda das parcelas durante ningún período de tempo.

▣ **Se mercó unha parcela, podo despois revendela?**

Non, porque só se poden vender unha vez. O que si podes facer é cederlle o seu uso a un terceiro, gratuitamente ou cobrándolle, iso xa é cousa túa. Para limitar a posible especulación as parcelas só se poden modificar 1 vez ao ano, así que en teoría poderías alugar ese espazo a un máximo de 10 terceiros diferentes durante os 10 anos que vai estar a funcionar a Parcelaria.

▣ **Unha vez vendidas as parcelas e pasado o efecto mediático, como se van manter as previsibles visitas á páxina?**

Como explicamos antes no apartado de *Difusión mediática*, a vía permanente de levar visitantes a coñecer a *Parcelaria*, e aos seus participantes, será unha ligazón gráfica en lugar visible e preferencial de todos os nosos portais, que suman actualmente máis de medio millón de visitas anuais. Ate 2016 é lóxico que ese nivel de visitas se manteña e creza a maior ou menor ritmo, e polo tanto unha porcentaxe de visitas que se derivarán cara ao web da *Parcelaria* está asegurado. Tamén haberá nos nosos webs banners e artigos que achegarán vías complementarias de entrada directas aos webs dos participantes.

Ademais, con motivo da nova versión *Parcelaria 2.0* estamos realizando novas accións de difusión mediática, que esperamos sexan proporcionais ao interese e compromiso que demostren os novos compradores que previsiblemente farán uso das novas opcións de compra por períodos menores. A nosa intención é incorporarlle periodicamente novidades ao proxecto de tal xeito que poida ser noticiable e ir acadando novas visitas e espertar o interese de novos medios de comunicación.

▣ **Ademais de os ver sobre o mapa de Galicia, hai algún listado dos participantes?**

Hai. Témolo como unha páxina aparte dentro do web da *Parcelaria* onde aparecen listados por data de compra e por cantidade de parcelas adquiridas. Así que cantas máis compres e máis cedo, máis visible has estar neste listado ☺

Ademais a partir da *Parcelaria 2.0* existen fontes de novas RSS que permitirán estar ao día dos novos *parcelistas*, dos que máis parcelas mercan, etc.

▣ **Cal é a comisión para axencias de publicidade?**

O primeiro que hai que precisar é que o prezo para o cliente final é o mesmo, se a compra directamente a Fillos ou se a compra por medio dunha axencia. Neste caso Fillos pagará á axencia unha comisión da seguinte forma:

- As primeiras 100 parcelas que venda esa axencia:
 - 15% se o cobran en galeuros (cos que poden contratar as súas propias parcelas ou outros servizos de Fillos/RedeGalega).
 - 10% se o cobran en metálico.
- As partir da parcela 101ª que vendan:
 - 10% en calquera caso.

-
- Para as vendas por periodos anuais non haberá comisión, porque o baixo prezo non fai rendible xestionar comisións.

▣ **Que é iso da Parcelaria 2.0?**

Un proxecto a 10 anos coma este, debe evolucionar e mellorarse permanentemente. No 2006 non demos chegado á meta prevista, así que pensamos unha nova forma de permitir á xente apoiarnos. Como o desembolso conxunto dos 381,68 euros polos 10 anos semellaba demasiado para algúns interesados, decidimos abrir unha nova posibilidade: contratar por periodos anuais. Como o cumpreamos da Parcelaria é en Febreiro e xa estabamos en Xuño, o primeiro ano tería un prezo menor cá 10ª parte dos 381,68 euros. Proporcionalmente (8 meses) saía 25,44 euros. Así pois aproveitamos a ocasión e a nova campaña de captación de participantes para engadir algunhas melloras á Parcelaria e decidimos chamar a esta evolución do proxecto *Parcelaria 2.0*.

▣ **Por que xa non hai PDFs en inglés que expliquen o que é a Parcelaria?**

Cando demos paso á *Parcelaria 2.0* fixosenos xa demasiado custoso tratar de manter actualizadas as 3 versións do documento, e dado que a meirande parte dos compradores estaban sendo galegos, consideramos innecesario manter esa documentación adicional noutros idiomas.

Aínda que a versión 2.0 deste documento só se publicou en galego, a partir da 2.0.1 si que volve estar dispoñible tamén en castelán.

▣ **Eu quero mercar polo periodo completo, ate o 2016. Xa non se pode?**

Durante o 2006 e ate Xuño do 2007 podíanse adquirir as parcelas polo periodo completo, pero coa *Parcelaria 2.0* optamos pola compra anual (coa excepción do primeiro periodo que foi máis curto, 8 meses, e tamén saía máis barato). Se nos queres apoiar con máis diñeiro do que custa unha parcela un ano, suxerimosche que compres máis dunha. É dicir, se tiñas pensado investir por 10 anos nunha parcela, agora podes investir por 1 ano en 10 parcelas, por exemplo. Así conseguirás unha visibilidade maior en extensión e poderás poñer unha imaxe máis grande. E dentro dun ano podes pensar se renovas todas ou non. De todos xeitos ao comprar por medio da tenda podes indicar nas observacións que queres comprar 1 parcela determinada por X anos. Polo tanto segue a ser posible mercar ate o 2016 ou o número de anos menor que ti queiras.

▣ **Que resultado dá a Parcelaria en número de visitas? É rendible para o participante?**

Podemos achegar algunhas cifras das visitas totais que tivo o web durante os pasados anos para que te fagas unha idea de canta xente pode chegar a ver as túas parcelas: 2006 (20.370 visitas), 2007 (19.904 visitas). A finais de 2007 fixemos un cálculo sobre unha media de páxinas vistas de 2.888 ao mes. Iso daría un CPM (custo por milleiro de impactos publicitarios) de 0,73 euros, moi interesante se o comparamos co custo doutras formas de publicidade en Internet, e máis aínda se o anunciante non ten web e pode dispoñer dunha páxina dentro de Parcelaria.com (aloxamento gratuito).

▣ **Que debo facer para renovar unha ou varias parcelas adquiridas na nova modalidade anual?**



Quen adquira unha parcela por un periodo anual (que rematan a final de cada mes de Febreiro) comprométese a notificar antes de final do ano natural, por medio dun e-mail con acuse de recibo dirixido a parcelaria@parcelaria.com o seu desexo de renovar. Se non o fai e non se recibe pagamento cando remate o periodo anual (é dicir, a final de Febreiro), entenderase que non lle interesa renovar e a súa parcela quedará libre para ser adquirida por calquera outra persoa ou entidade. Fillos de Galicia, por medio da lista de distribución de correo onde inscribe a todos os compradores de parcelas que dean un enderezo de e-mail, enviará os pertinentes avisos unhas semanas antes de que rematen os periodos anuais, para que os compradores poidan proceder co as renovacións.

▣ ***Que pasa se vos solicito a reserva dunha parcela e despois non pago?***

Normalmente non admitimos reservas antes do pagamento: é dicir, non temos obriga de ocupar a parcela que nos pidas, coa túa imaxe nin ligazóns nin texto, ate que fagas efectivo o pagamento pola mesma. De todos xeitos, en determinadas ocasións podes solicitárnolo. Porén, Fillos de Galicia poderá eliminar eses contidos provisionais en calquera momento se non se realiza o pagamento, sen notificación previa. O listado de participantes que se pode consultar en Parcelaria.com non incluírá máis que aqueles que estean ao corrente dos pagamentos. Se non renovan a parcela, aínda que poida seguir constando a súa participación a efectos de constancia histórica ou arquivo, Fillos de Galicia non está obrigada a continuar poñendo unha ligazón ao web destino das parcelas que xa non estean activas por non teren sido renovadas.



Sobre a Asociación Fillos de Galicia

A Asociación Cultural Fillos de Galicia é a organización responsable do portal **Fillos.org**, o **maior sitio en Internet dedicado á emigración galega**.

Fillos.org foi creado en 1997 por **Manuel Casal Lodeiro**, informático e fillo de emigrantes galegos, para achegar Galicia a outros descendentes de emigrantes coma el. Desde entón Fillos de Galicia puxo en contacto coa cultura galega a máis de **millón e medio de visitantes**, atendeu varios milleiros de mensaxes e consultas, facilitou máis de **60 reencontros familiares**, celebrou varias Xuntanzas en Arxentina, Brasil, Panamá, Galicia... e convirtiuse no **web máis importante da diáspora galega**. Hoxe en día a **Comunidade Virtual de Fillos de Galicia** reúne a máis de **5.500 membros rexistrados**, a maioría fillos e netos de galegos que participan nela desde todos os currunchos do mundo: España, Arxentina, Brasil, México, EE.UU., Portugal, Francia, Reino Unido, Panamá, Alemaña, Cuba, Italia, Australia...

Dentro das súas actividades en 2003 comezou a ofrecer baixo a denominación de **Galeguidade.net** aos Centros Galegos e outras entidades da emigración, os coñecementos acumulados durante anos de experiencia na Rede que poñería ao seu servizo para fornecelos coas ferramentas que estas organizacións están a precisar no terreo de Internet: **creación de webs, portais, intranets, asesoramento sobre comercio electrónico e marketing en Internet, etc.**

En 2004 veu a posibilidade de ampliar estes servizos tamén a ONGs e entidades semellantes da propia Galicia. Os seus recursos técnicos e humanos fan posible ofrecer este tipo de traballos nunhas condicións económicas moi interesantes, enfocadas sempre a **obter fondos cos que financiar as actividades ofrecidas de forma gratuita á comunidade galega na emigración** a través de webs como **Fillos.org**, **Galeguidade.net**, **PlanetaGalego.info**, etc. Conta cun equipo de colaboradores voluntarios e remunerados especializados en áreas tan diversas como o marketing en Internet, o deseño gráfico e para web, as plataformas *open source*, o periodismo dixital, etc. dirixidos por Manuel Casal Lodeiro, xestor de **Fillos.org** e profesional con **máis de 10 anos de experiencia como analista e consultor de Internet**.

Os clientes potenciais aos que Fillos de Galicia dirixe estes servizos, baixo a denominación de **RedeGalega.org**, son aquelas organizacións que están interesadas en apoiar as actividades de Fillos a prol da cultura galega na emigración mediante a contratación dos **seus proxectos en Internet, como alternativa a poñelos en mans de empresas privadas** con ánimo de lucro e con obxectivos puramente económicos.

ASOCIACIÓN CULTURAL



COMUNIDADE VIRTUAL
www.fillos.org

A Asociación Cultural Fillos de Galicia está inscrita no **Rexistro Central de Asociacións** da **Consellería de Xustiza, Interior y Relacións Laborais da Xunta de Galicia** co número 505/00 e no **Rexistro Nacional de Asociacións** do **Ministerio de Interior** co número 568589.

No 2006 é recoñecida como **Centro Colaborador** da **Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia**.

Máis información sobre Fillos de Galicia

<http://www.fillos.org/fillos/acercadefillos.shtml>

Datos de contacto

- Tfno.: (+34) 881 972208.
- E-mail: fillos@fillos.org
parcelaria@parcelaria.com